

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de maio de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e vinte e cinco minutos do día catorce de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(579).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

2(580).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO USO PRIVATIVO DO LOCAL MUNICIPAL DA RÚA PALENCIA Nº 34. EXPTE. 19755/240.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico do 05/05/15 e de fiscalización do 08/05/15, dáse conta do informe-proposta do 24/04/15, da xefa da

área de Tenencia de Alcaldía, conformado pola concelleira-delegada de Patrimonio que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

Primero.- O 10 de novembro de 2014 a Fundación Igual Arte, solicita se estude e valore por parte do Concello de Vigo unha posible cesión do edificio de titularidade municipal da antiga escola de educación infantil sita na Rúa Palencia nº 34, doc. nº 140136764.

A solicitude acompáñase dunha memoria da Fundación, escola artística integral que traballa con rapaces con necesidades educativas especiais en distintas disciplinas, plan de actuación a desenvolver no local, orzamento da reforma a executar pola Fundación no citado local e os estatutos reguladores do funcionamento da mesma.

O obxecto da cesión do inmovible é a implementación dun singular proxecto didáctico formativo de escola inclusiva e formación integral de todas as persoas con diferentes capacidades, onde a arte é o vehículo de expresión, comunicación e socialización.

O inmovible estaría destinado exclusivamente ás actividades que, de acordo co sinalado no artigo 6 dos Estatutos da Fundación, constitúen o seu obxecto, isto é:

- Pontencia-lo benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.*
- Incrementa-lo sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.*
- Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico-artísticas que melloren ó tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.*
- Favorece-la capacidade de interrelación descubrindo outros canles de comunicación para estas persoas.*
- Conciencia-la sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.*
- O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.*
- Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.*
- Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.*

Segundo.- O 17 de novembro de 2014, o técnico do Servizo de Educación, emite detallado informe sobre o asunto de referencia, no que se sinala:

“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o recollido na Orde de 20 de xullo de 2012, pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desa Consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial (DOG nº 148 publicado o venres o 3 de agosto de 2012) dispón a supresión da EEI Rúa Palencia (Código 36016671), constando a citada EEI no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo plenario de 4 de maio de 1993 como colexios de Educación Infantil:

•EEI Palencia (sito na rúa Palencia nº 34) co número 37 (Rexistro da Propiedade número 2 de Vigo; libro 636; folio54; finca 39371, inscrición 12).

Consonte ao anteriormente exposto, debido a que dende setembro de 2012 a Admon Educativa Competente extinguiu a autorización para o funcionamento da EEI Palencia , que na práctica implicou o cesamento da súa actividade docente dende o curso lectivo escolar 2012-2013; tendo en conta o deterioro deste inmovible ao non existir mantemento preventivo do mesmo e,

habida conta da existencia de peticións neste Concello para o seu uso por parte de asociacións benéficas sen ánimo de lucro, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 4 de xullo de 2014 adoptou o seguinte acordo: "Solicitar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a desafectación do uso educativo do inmovible no que se ubicaba a antiga escola de educación infantil Palencia (número 34 da rúa Palencia), consonte co establecido no Art.1 Par1 do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa á desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal e Orde do 4 de xuño de 1987 de Ministerio de Educación, co fin de poder ser utilizados por asociacións benéficas da cidade e sen ánimo de lucro" (expte.16205/332).

En relación co citado expediente, a Admon Educativa Competente mediante escrito que tivo entrada no rexistro xeral do Concello en data 13/10/14 co nº de doc 140122489, resolve favorablemente conceder a autorización previa á desafectación solicitada polo Concello de Vigo da antiga EEI Rúa Palencia, dado que non é necesaria para o uso educativo ao que está destinada....

A Fundación "Igal Arte", é unha escola artística constituída no ano 2002 sen ánimo de lucro e con carácter social e plural, sendo a primeira escola artística integral que traballa con rapaces de necesidades educativas especiais (NEE) nas distintas disciplinas artísticas (música, expresión corporal/danza, expresión plástica, teatro e audiovisual), e logo dunha contrastada traxectoria no que atinxe á normalización da educación artística dos máis de 100 alumnos/as que neste intre reciben esta singular formación, converteuse no primeiro centro ocupacional artístico de Galicia e a única no ámbito galego e estatal que ofrece este servizo de formación artística nas cinco áreas formativas descritas anteriormente.

Precisamente a solicitude de uso do inmovible da antiga EEI Rúa Palencia ben motivado polo interese en implementar un ambicioso programa artístico-educativo neste espazo que compromete a súa apertura durante once meses ao ano, cun horario amplo e flexible de 09,00 a 20,00 hs, dirixido a alumnado e persoas con NEE dende a etapa de educación infantil ata a idade adulta, distribuídos en distintos grupos en función das súas capacidades, independetemente das súas condicións físicas e cognitivas.

Igualmente na documentación que acompaña á solicitude da Fundación "Igal Arte" obxecto de este informe, ademáis da proposta de actividades programadas para o local da rúa Palencia e a Memoria 2014 de actividades de dita Fundación, inclúese orzamento desglosado para actuación por conta propia asumindo os custes de reforma no local da rúa Palencia coa finalidade de adaptar o edificio ás necesidades dun centro ocupacional artístico para alumnado de NEE. Achegan un investimento de 119.780,00.-€ que aporta planimetría da proposta de actuación e desglose da súa execución material en 12 partidas distintas: demolicións, estrutura, rede de saneamento, albañilería e impermeabilización, solados e alicatados, revestimentos e pintura, carpintería e metalistería, fontanería e aparatos sanitarios, electricidade e varios, calefacción, ensaios e control, xestión de residuos da construción...."

Consonte ao anteriormente exposto, o Servizo Municipal de Educación conclúe que esta acción formativa que propón a Fundación "Igal Arte" consistente na execución dun centro ocupacional artístico no local de propiedade municipal da antiga EEI Rúa Palencia, é convinte aos intereses municipais, idónea e axeitada para un traballo dende a perspectiva inclusiva real no eido socio-educativo, que vais máis aló da mera integración en centros de ensino ordinario, para que os nenos/as de Vigo con NEE medren vivindo as súas diversidades e compartindo experiencias que lles possibiliten ser cidadáns con plenos dereitos, autónomos e competentes, que pasen a formar parte da sociedade con todos e como todos.

Terceiro.- A Xefa da Área técnica da Xerencia municipal de urbanismo, en data 10.12.2014 emite informe urbanístico sobre a edificación sinalando que está situada en solo urbano consolidado, calificado coa ordenanza 13 de áreas e edificacións dotacionais, uso dotacional educativo.

Especifica a arquitecta municipal que o art 9.13.17 apdo. 3 da Normas urbanísticas PXOM considera de carácter público ás Fundacións ou asociacións sen ánimo de lucro, cualidade que presenta a entidade Igual Arte.

En canto ás obras posibles en edificacións existentes, permítense as ampliacións e reformas ata un 30% por riba do máximo.

Cuarto.- O enxeñeiro técnico da edificación, o 20.01.15 emite informe sobre o prazo de amortización das obras que a Fundación pretende executar segundo memoria constructiva presentada, (incrementar a superficie utilizable, pechando a parte porticada, nova distribución, instalación dun ascensor para cumprir coa normativa de accesibilidade, realizar obras de mellora nos acabados e carpintería) concretándoo en 15 anos e 10 meses.

Quinto.- O servizo de Patrimonio municipal redactou o prego de cláusulas administrativas que rexerán a concesión administrativa do uso privativo do local municipal do núm. 34 da rúa Palencia (Anexo I).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAP).
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia
- RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).
- Lei 50/2002, de 26 de decembro de Fundación

II.- Natureza xurídica da edificación da rúa Palencia

De acordo cos datos que constan no Inventario Municipal de Bens e Dereitos deste Concello, aprobado por acordo do Pleno o 4 de maio de 1993, o Excmo. Concello de Vigo é dono do seguinte inmovible:

“EEI Palencia (sito na rúa Palencia nº 34) co número 37 (Rexistro da Propiedade número 2 de Vigo; libro 636; folio 54; finca 39371, inscrición 12)”

Trátase dun ben demanial que viña sendo adicado ó servizo público educativo, estando calificado no PXOM como unha dotación pública educativa. Nembargantes, na actualidade o inmovible atópase pechado e sen actividade, tendo procedido a Consellería de Cultura a autorizar a desafectación da antiga EEI Rúa Palencia, dado que non é necesaria para o uso educativo. Non semella preceptiva a desafectación do ben en canto o art 9.13.17 apdo. 3 da Normas urbanísticas PXOM considera de carácter público a efectos urbanísticos, ás Fundacións ou asociacións sen ánimo de lucro, carácter que xa que logo ostentaría a entidade Igual Arte, prevendo adicar o inmovible a fins educativos tal e como consta no Prego de cláusulas administrativas.

III.- Réxime xurídico e Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal da rúa Palencia 34 desta cidade de Vigo.

Con carácter xeral, están excluídos do ámbito de aplicación da lexislación de contratos, art 4.1 letra "o" TRLCAP, as concesións sobre bens de dominio público.

As concesións sobre bens de dominio público, rexiranse, de conformidade co previsto no artigo 84.3 LPAP, precepto de aplicación básica, en primer lugar, pola lexislación especial reguladora daquelas e, a falta de normas especiais ou en caso de insuficiencia destas, polas disposicións desta lei.

É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP).

No presente caso, a cesión do edificio municipal a prol da Fundación Igual Arte, constitúe un uso privativo dun ben demanial pertencente a esta administración municipal, que conseguintemente suxétase ó réxime xurídico previsto no ordenamento para o outorgamento das concesións administrativas de dominio, e en concreto a regulación contida no capítulo 1º do título II da Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capítulo IV do Título I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.

O prego contén as cláusulas da concesión que o art 80 RBEL determina como mínimas.

O artigo 93.4 LPAP posibilita a gratuidade da concesión cando a utilización privativa do ben non leve parella unha utilidade económica para a concesionaria, tal é o caso, en canto a Lei 50/2002, de 26 de decembro de Fundacións conceptúa a estas organizacións no seu art 2.1 como sen ánimo de lucro que teñen afectado o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral. Asemade no detallado informe do técnico do Servizo municipal de Educación evalúase como de interese municipal actividade desenvolvida pola Fundación Igual Arte, "escola artística constituída no ano 2002 sen ánimo de lucro e con carácter social e plural, sendo a primeira escola artística integral que traballa con rapaces de necesidades educativas especiais (NEE) nas distintas disciplinas artísticas (música, expresión corporal/danza, expresión plástica, teatro e audiovisual), e logo dunha contrastada traxectoria no que atinxe á normalización da educación artística dos máis de 100 alumnos/as que neste intre reciben esta singular formación, converteuse no primeiro centro ocupacional artístico de Galicia e a única no ámbito galego e estatal que ofrece este servizo de formación artística nas cinco áreas formativas descritas anteriormente."

IV.- Procedemento e forma de adxudicación

En canto ó procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa como título habilitante para o uso privativo de dominio público, cabe sinalar que a Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, por remisión do disposto no apartado 2 do art 7RBEL, no seu artigo 93.1 dispoñe que o "Outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuaráse en réxime de concorrencia. Non obstante, podera acordarse o outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 desta lei, cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, ou noutros supostos establecidos nas leis".

Neste senso, o artigo 137.4 autoriza a concesión directa cando o adquirente sexa unha entidade sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública, letra "b", ou na "letra c", cando o inmovible resulte necesario para a realización dun fin de interese xeral. A Fundación Igual Arte, segundo disposto no artigo 2.1 da Lei de Fundacións, e pola súa propia natureza, é unha organización sen ánimo de lucro e que realiza fins de interese xeral. Asemade reitérase o informe do técnico do Servizo municipal de Educación no que se evalúa como de interese municipal a actividade realizada pola Fundación.

V.- Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda, parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal da núm. 34 da rúa Palencia, consonte ó texto que figura no anexo I.

Segundo.- Someter á información pública polo prazo de trinta días o prego de cláusulas administrativas aprobados."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(581).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE BANCOS. EXPTE. 7842/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/05/15, dáse conta do informe-proposta do 30/04/15, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“ LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da subministración de bancos. (expediente 7842-446).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 17 de abril de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos. (expediente 7842-446)" no seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación total
----------	------------------

Mobiliario Urbano y Parques de Castilla SLU.	100
Olprim Ingenieria y Servicios, S.A	95,78
Parques y Jardines Fabregas SAU.	87,35
Galitec desarrollos tecnológicos, S.L	77,45
Bricantel España, S.L	31,87
Moycosa SA	19,44

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Mobiliario Urbano y Parques de Castilla SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 637,16 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 17 de abril de 2015, que presenta a documentación requirida en data 28 de abril de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 30 de abril de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á Mobiliario Urbano y Parques de Castilla S.L.U. o procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (expediente 7842-446), por un prezo de 39.930 euros (IVE engadido) e unha baixa do 12% a aplicar o prezo unitario relacionado no apartado 3.F das FEC. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(582).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DAS RÚAS ÁLVARO CUNQUEIRO, AVDA. BUENOS AIRES E RÚA CAÑIZA”. EXPTE. 3272/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.05.15, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, do 14.05.15, conformado polo concelleiro delegado do Área de Fomento, que di o seguinte:

“Reforzo da capa de rodadura do firme das rúas Álvaro Cunqueiro, Avda. Buenos Aires e Rúa Cañiza

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO, enxeñeiro técnico de Obras Públicas.

Dirección facultativa: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO, enxeñeiro de camiños.

Contratista titular do plan:

<i>Rúa Alvaro Cunqueiro</i>	<i>CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.</i>
<i>Avda. Buenos Aires</i>	<i>CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.</i>
<i>Rúa Cañiza</i>	<i>CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, COVSA S.A.</i>

Autor dos estudos de seguridade e saúde ou dos estudos básicos durante a elaboración dos proxectos: LUIS VICENTE VILAR MONTORO

Autor dos plans de seguridade e saúde no traballo durante a execución das obras:

- Rúa Alvaro Cunqueiro Raimundo Aballe Martínez da empresa CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.*
- Avda. Buenos Aires Raimundo Aballe Martínez da empresa CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.*

- Rúa Cañiza Rafael Varela Esteban, da empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, COVSA S.A.

Coordinadores/as de seguridade e saúde durante a execución das obras:

- Rúa Alvaro Cunqueiro Maximino García Sánchez da empresa Cíes Atlántico S.L.U
- Avda. Buenos Aires Maximino García Sánchez da empresa Cíes Atlántico S.L.U
- Rúa Cañiza Maximino García Sánchez da empresa Cíes Atlántico S.L.U

Autores dos plans de Xestión de Residuos de Construción e Demolición:

Rúa Alvaro Cunqueiro CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
Avda. Buenos Aires CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
Rúa Cañiza CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, COVSA S.A.

Visto os informes favorables do técnicos titulados arriba expresados, referentes aos Plans de seguridade e saúde establecidos para estas obras, documentos que foron redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

Considerase que, coas indicacións antes consignadas, os plans de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.

Os plans de xestión de residuos foron aprobados pola Dirección Facultativa de acordo co establecido no art. 5.1. do R.D. 105/2008 de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos procedentes de construción e demolición.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. *Aprobar os plans de Seguridade e Saúde das obras de reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza, redactados por:*

Rúa Alvaro Cunqueiro Raimundo Aballe Martínez (CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.)
Avda. Buenos Aires Raimundo Aballe Martínez (CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.)
Rúa Cañiza Rafael Varela Esteban (CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.)

e presentados, para a execución, polas empresas:

Rúa Alvaro Cunqueiro CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
Avda. Buenos Aires CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
Rúa Cañiza CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, COVSA S.A.

Os devanditos plans foron informados favorablemente polo coordinador Maximino García Sánchez da empresa Cíes Atlántico S.L.U

2. *Aceptar os plans de Xestión de Residuos redactados por:*

Rúa Alvaro Cunqueiro CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
Avda. Buenos Aires CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
Rúa Cañiza CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, COVSA S.A.

e presentados polas empresas adxudicatarias para a execución das obras de reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza.

Do presente acordo daráselle traslado ás empresas adxudicatarias CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U. (Rúa Alvaro Cunqueiro e Avda de Buenos Aires) e CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, COVSA S.A. (Rúa Alvaro Cunqueiro), as cales a súa vez xunto cos plans de seguridade e saúde darán conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997)."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(583).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DA AVDA. CLARA CAMPOAMOR PK 3+370 A PK 4+650. EXPTE. 73136/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/05/15, dáse conta do informe-proposta do 12/05/15, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

"LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clarea Campoamor PK 3+370 a PK 4+650. (expediente 73136-250).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 6 de maio de 2015, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clarea Campoamor PK 3+370 a PK 4+650. (expediente 73136-250)" no seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación
----------	------------

1	CONSTRUCCIONES VALE S.L.	60,00
2	ORESA SL	56,63
3	STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL	55,89
4	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	53,96
5	COVSA	53,57
6	OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRIA, S.L.	51,78
7	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	51,16
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	50,37
9	MISTURAS, S.A.	49,97
10	NAROM SL	48,68
11	EXTRACO, S.A.	46,97
12	ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES SA	42,82
13	HORDESCON, S.L.	34,92
14	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	34,10

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Construcciones Vale, S.L., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 671,14 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 06 de maio de 2015, este presentou a documentación requirida o día 11 de maio de 2015

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 12 de maio de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á Construcciones Vale, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clarea Campoamor PK 3+370 a PK 4+650 por un prezo de 89.947,09 euros. Todo iso de acordo co proxecto e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.